



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00024017J.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 25 de abril de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 25 de abril de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 27 de abril de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 29 de abril de 2022.
- Ordinaria de data 2 de maio de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 5 de maio de 2022.
- Ordinaria de data 9 de maio de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058486D.

Licenza de segregación na Costa do Vedor, 5.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 22/12/2021, a segregación da parcela libre situada por detrás da vivenda da Costa do Vedor 5 Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado e coa condición de que se conserven as árbores existentes na parcela matriz actual.

PARCELA DE RESULTADO 538. Superficie 324 m². Solo Clasificado como Solo Urbano Consolidado e Cualificado en Ordenanza dos Tecidos Históricos Renovados polo Planeamento Anterior (art. 154 do PE-1)

PARCELA DE RESULTADO 539. Superficie 341 m². Solo Clasificado como Solo Urbano Consolidado e Cualificado en Ordenanza dos Tecidos Históricos Renovados polo Planeamento Anterior (art. 154 do PE-1)

PARCELA DE RESULTADO 540. Superficie 358 m². Solo Clasificado como Solo Urbano Consolidado e Cualificado en Ordenanza dos Tecidos Históricos Renovados polo Planeamento Anterior (art. 154 do PE-1)

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00009115V.

Aceptar cesión de viario e licenza para a parcelación de finca en LG Folgoso, 24.

Acórdase::

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 08 de abril de 2022 outorgada ante Notario co número de protocolo 526. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento visado 21.02.2022, a parcelación da finca sita en Lugar Folgoso 24, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

-PARCELA RESULTADO 038-1. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais (764,00 m²s) e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.(445,00m²s). Superficie Neta 1.209,00 m²

PARCELA RESULTADO 038-2. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais.Superficie Neta 2.137,00 m²

.-Cesión 84,00m²s (63,00m²s+21,00m²s)

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1242/2020.

Aceptar cesión de viario e licenza para a elevación de cuberta do inmovible sito en Rúa San Marcos,9.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 07 de marzo de 2022, outorgada ante Notario co número de protocolo setecentos seis. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 07/08/2020 e documentación presentada o 17/11/2021 e o 04/04/2022 , cun orzamento de execución material de 12.900,00 a elevación de cuberta do inmovible situado na Rúa San Marcos, 9 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00011875S.

Licenza de segregación en Rúa Concheiros, 45.

Acórdase:

Primeiro: CONCEDER licenza de segregación da finca rexistral nº 32.575, inscrita no Tomo 1374, libro 360, folio 138, sita no baixo da RÚA CONCEIROS, 45, local 3, segundo Proxecto de segregación con data de 03/03/2022, quedando como resultado da segregación estas dous parcelas:

NÚMERO 3 BIS: 96,35 metros cadrados. Cuota de participación: 6,22%.

NÚMERO 3, FINCA MATRIZ: 175,2 metros cadrados. Cuota de participación: 10%

Segundo: Para o exercicio da actividade no local segregado deberase presentar Memoria de actividade redactado por técnico competente.

Terceiro: Lémbrese a obriga de presentación da alteración de datos catastrais.

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/616/2019.

Licenza de obras para ampliación do Auditorio do Monte do Gozo.

Acórdase CONCEDER a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, licenza de obras para ampliación do Auditorio do Monte do Gozo, na RÚA DO GOZO, 18, segundo Proxecto técnico con data de rexistro de 24/12/2019 e anexo con data de rexistro de 23/11/2020, cun orzamento de execución material de **327.707,79 €**.

As actuacións consistirán en obras para ampliar o aforo do auditorio de 24.000 a 50.000 persoas.

A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado como sistema xeral.

7. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00004336E.

Aprobación inicial do Estudo de Detalle da parcela b4b01c do Parque Empresarial da Sionlla.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Estudo de detalle da parcela B4b01c do Parque Empresarial da Sionlla, segundo o proxecto presentado o 25 de xaneiro de 2022, por FINANCIERA MADERERA S.A., asinado polo equipo técnico IDOM Consulting.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento (RLSG), o Estudo de detalle inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do Director Xeral do Patrimonio Cultural, en cumprimento do esixido polo artigo 34.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG, o acordo de aprobación inicial determina, por si solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación,

edificación e derruba durante o prazo de DOUS ANOS, a contar dende o acordo de aprobación inicial.

A formulación do Estudo de detalle trae causa do disposto na ordenanza 4, que obriga á súa redacción cando se proxecta o “*crecemento en continuo de empresas*” sobre varias parcelas colindantes pertencentes ao mesmo titular. Con esta finalidade, a ordenanza permite exceptuar o recuamento mínimo a fondo e laterias (10 metros), mediante a redacción dun Estudo de detalle que defina a área de movemento da edificación.

Con esa finalidade, o Estudo de detalle presentado define a área de movemento da edificación proxectada na parcela, en continuidade coa das parcelas adxacentes B4b01d e B4b01e₁, concretando as rasantes e a altura da nova edificación, e ordenando o uso dos espazos libres privados, todo ilo de conformidade coas determinacións vixentes da ordenanza 4 do Proxecto sectorial.

O Estudo de detalle presentado non afecta ao solo cualificado como sistema viario, espazos libres e equipamento, e non supón incremento da superficie edificable nin da ocupación máxima permitida no Proxecto sectorial.

A altura máxima permitida con carácter xeral é de 6 metros, inferior por tanto aos 12 sinalados na ordenanza 4 B. Porén, na área de contacto co SUD-19, permítese acadar puntualmente os 16 metros, con base nas necesidades do proceso produtivo.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033369P.

Corrección erro acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 18-04-2022, relativo a adxudicación do contrato da Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase)” (CON/40/2021).

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría de Medio Rural de data 20-10-2021, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 18-04-2022, relativo a adxudicación do contrato da Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase)” (CON/40/2021), de xeito que :

Onde di:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase) á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L., con NIF A15352735 por un importe total de 108.156,14 (Base impositible: 89.385,24 euros, IVE do 21%: 18.770,90 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Debe dicir:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase) á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L., con NIF B15293145 por un importe total de 108.156,14 (Base impositible: 89.385,24 euros, IVE do 21%: 18.770,90 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051660Z.

Aprobación do expediente de licitación do servizo de limpeza en edificios e instalacións dependentes do concello de Santiago de Compostela; apertura do procedemento aberto de adxudicación e autorización do gasto.

Acordase:

- Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do servizo de limpeza en edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela.
- Abrir o procedemento aberto de adxudicación.
- Autorizar un gasto total por importe de **4.864.061,76 euros** (base impositible de 4.019.885,76 euros e IVE do 21% por importe de 844.176,00 euros), dividido nas seguintes anualidades:
 - 2022: 810.676,96 euros.
 - 2023 e 2024: 1.621.353,92 euros.
 - 2025: 810.676,96 euros.

Os créditos de gasto de exercicios futuros quedan condicionados a súa consignación nos orzamentos correspondentes.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00055742W.

Aprobación do expediente denominado “Subministración dun vehículo AUTOBOMBA de primeira intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento do concello de Santiago de Compostela “, apertura do procedemento de adxudicación e aprobación do gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Subministración dun vehículo AUTOBOMBA de primeira intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento do concello de Santiago de Compostela “e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **460.042 euros** (380.200 euros + IVE 21% que ascende a 79.842 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 6240000 (Código de proxecto: 2021 3 UNESP 21 1 GASTOS E INVESTIMENTOS BOMBEIROS – UNES).

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00013669S.

Adxudicación do “Servizo de organización da celebración da Festa dos Maiores 2022 e 2023” á empresa a CASA TABOADA SC.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o servizo de “Servizo de organización da celebración da Festa dos Maiores 2022 e 2023” á empresa a CASA TABOADA SC, por un prezo unitario por comensal de 22,80 euros máis 10% IVE (2,28 euros), sendo a súa a única proposta presentada.

Segundo: Comprometer o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 2022 060 33800 2269900. Festexos, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios conforme as seguintes anualidades e importes:

Anualidade 2022: 41.514,00 euros.

Anualidade 2023: 41.514,00 euros

12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/562.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de material de recambios para o Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xaneiro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON DEZAOITO CENTIMOS (2.873,18 €) segundo factura F/2022/562 que se achega no expediente, emitida pola empresa Recambios Santiagueses, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F2022/627.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Neumáticos Pájaro, S.L.” en concepto de subministración de pneumáticos para o Parque Móbil do oncello de Santiago de Compostela correspondentes á segunda quincena do mes de xaneiro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (157,95 €) segundo factura F/2022/627 que se achega no expediente, emitida pola empresa “Neumáticos Pájaro, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/297/2018 CON/24/2020.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final das obras de rehabilitación enerxética de edificios de titularidade municipal.

Acórdase aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de rehabilitación enerxética de edificios de titularidade municipal emitida por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L por importe de 40.206,04 euros.

15. EDUCACIÓN. Referencia: F/2022/449 e F/2022/450 EIM Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e as Fontiñas xaneiro 2022.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por “Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA)”, en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondentes ao mes de xaneiro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (65.787,79 €), segundo a relación contable S/2022/33 que comeza pola número F/2022/449 por importe de 33.389,52 euros e finaliza pola número F/2022/450 por importe de 32.398,27 euros, en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondente ao mes de xaneiro de 2022, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/563 e F/2022/974).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2022/563 e F/2022/974 emitidas por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022.

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de CENTO ONCE MIL SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (111.075,88 euros) considerando a suma das dúas facturas (F/2022/763 e F/2022/974) a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

17. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: proposta xunta de goberno camiño inglés.

Aprobar o compromiso firme de realizar a aportación da achega municipal extraordinaria do Concello de Santiago de Compostela na contía de 5.000 euros á Asociación de Concellos do Camiño Inglés, para a realización do proxecto “Mellora e posta en valor do Camiño Inglés”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o compromiso firme de realizar a aportación da achega municipal extraordinaria do Concello de Santiago de Compostela na contía de 5.000,00 euros á Asociación de Concellos do Camiño Inglés, para a realización do proxecto “Mellora e Posta en Valor do Camiño Inglés”, en cumprimento do acordo adoptado pola asemblea xeral de socios da dita entidade de data 27 de xullo de 2021.

A achega do Concello de Santiago de Compostela farase efectiva unha vez a citada asociación acredite a adxudicación do contrato para a realización da “Mellora e posta en valor do Camiño Inglés” e solicite por rexistro a tramitación do oportuno pagamento.

Segundo: Dar traslado do acordo á Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017366D.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO, e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO pola contía de **60.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00016788Y.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS, e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS pola contía de **3.500,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800003, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018669R.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA “SARELA” e o gasto correspondente.

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA “SARELA” pola contía de **3.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020- 23100-4800005, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023468Q.

Dación de conta da sentenza recaída na Apelación 15019/2021 do PO 53/2021 CA2.

Dase conta da sentenza STSX de Galicia 255/2022, do 19.04.2022

Procedemento: Recurso de Apelación 15019/2021 (PO 53/2021, XCA nº 2 de Santiago de Compostela)

Demandante: Ministerio de Defensa

Obxecto: Decreto da Concelleira de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de 17 de novembro de 2020 polo que se desestima o recurso de reposición

interposto contra o recibo do IBI do ano 2020 correspondente ao inmovible Residencia Militar Logística Central Teniente General Barroso, por importe de 43.348,06 euros.

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a de instancia, confirmando así a estimación do recurso contencioso e a aplicación da exención do IBI en aplicación do artigo 62.1.a) do TRLFL, ao considerar afecta a residencia militar aos fines da defensa nacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023451E.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 216/2021 CA2.

Dase conta da sentenza 102/2022, do 22.04.2022, do XCA nº 2 de Santiago de Compostela.

Procedemento: PA 216/2021

Obxecto: Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos nun vehículo derivados da caída dunha rama na rúa Ángel Jorge Echeverry, fronte a facultade de Dereito do Campus Vida da USC, por importe de 396,28 euros a cargo da aseguradora e 2.057,71 euros a conta do particular.

A sentenza é DESFAVORABLE para os intereses municipais, ao estimar o recurso contencioso-administrativo e declarar a responsabilidade patrimonial do Concello, eximindo desta á USC.

A sentenza é firme por razón da contía, polo que non cabe interpoñer recurso algún.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Vicesecretaría aos efectos da súa execución.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023917M.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 430/2021 CA2.

Dase conta da sentenza 106/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedemento Abreviado 430/2021

Obxecto: Impugnación de resolución que impón ao recorrente sanción por estacionar en zona peonil sen autorización.

Contía reclamada :200€

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois desestima o recurso.

Seguindo a argumentación da defensa do concello a sentenza entende que o distintivo de residente non se atopaba visible no momento da infracción o que xunto coa ratificación do axente denunciante, o que supón proba de cargo suficiente, ao ter presunción de veracidade.

Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso algún. As custas impóñense ao demandante cunha limitación de 50 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Tráfico para os efectos do seu coñecemento.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023915A.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 148/2020 CA1.

Dase conta da sentenza 158/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedemento Abreviado 148/2020

Demandante: GRUPO JABE INGENIERIA AMES SL, LIBERTY SEGUROS

Obxecto: Impugnación de desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por mal estado da calzada.

Contía reclamada :1.662 euros

A sentenza é DESFAVORABLE aos intereses municipais pois estima o recurso. A sentenza estima que a reclamación reúne todos os requisitos requiridos para o éxito da acción de responsabilidade patrimonial e condea ao Concello a indemnizar a GRUPO JABE INGENIERIA AMES SL na

cantidade de 840,51 euros e a LIBERTY SEGUROS na cantidade de 821,49 euros, xunto cos intereses legais dende a data da reclamación.

Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso algún. As custas impóñense ao demandante cunha limitación de 400 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023905Q.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 32/2022 CA2.

Dase conta da sentenza 105/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedemento Abreviado 32/2022

Obxecto: Decreto do 24.11.2021 que desestima recurso de reposición interposto contra prórroga de licenza de obra de saída de fumes.

Contía: 1.402,88.€

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois INADMITE o recurso.

Facendo súa a tese exposta pola defensa do concello, o xulgador entende que existe desviación procesual, xa que a demandante non podía impugnar no presente recurso a licenza de obras concedida o 25.09.2020, sendo a única forma de facelo mediante revisión de oficio. Acepta tamén a nosa tese referida a que o recurso só podía cingirse a alegar motivos a nulidade ou anulabilidade respecto da prórroga da licenza, estimando que os motivos de impugnación esgrimidos pola demandante son alleos a este procedemento. Por último, considera tamén como desviación procesual non facer mención á caducidade da licenza nin na demanda, nin na vía administrativa, non admitindo a posibilidade de facelo no acto da vista, por imperativo dos artigos 56.1 e 33.1 da LXCA.

Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso algún. As custas impóñense ao demandante cunha limitación de 300 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de urbanismo-*licenzas*-para os efectos do seu coñecemento.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023896F.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 97/2021 XS2.

Dase conta da sentenza 172/2022 do Xulgado Social nº2 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedemento Ordinario 97/2021

Obxecto: Contra resolución que desestimou solicitude do premio de xubilación establecido no artigo 13.6 do Acordo Regulador .

Contía reclamada: 17.773,76 €

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois estima PARCIALMENTE a demanda. En efecto, se ben estima o dereito da demandante a percibir unha contía como premio de xubilación, o cálculo da cantidade faise consonte co exposto polo Concello, de xeito que fronte á cantidade inicialmente solicitada 17.773,76€, a recoñecida pola sentenza limítase a 7.791,12 euros máis os correspondentes intereses do artigo 1101 do Código Civil.

Sen custas. Contra a sentenza cabe interpoñer Recurso de Suplicación ante o TSXG dentro dos CINCO DÍAS seguintes ao da súa notificación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Persoal para os efectos da súa execución.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023891W.

Dación de conta da sentenza recaída no recurso AP 54/2021 do procedemento PO 232/2019 CA1.

Dase conta da sentenza 358/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sec. 1

Procedemento: Recurso de apelación nº 54/2021 contra sentenza de 24 de novembro de 2020 ditada no Procedemento ordinario 232/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1.

Obxecto: Decreto do 29.03.2019 que devolve factura nº 8/19 por servizos profesionais prestados.

Contía reclamada: 43.563,83.€

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é DESFAVORABLE aos intereses municipais. O TSXG consonte con reiterada doutrina do TS entende que para o cálculo da prescrición do artigo 1967.1ª do Código Civil a determinación do “*dies a quo*” debe ter en conta o conxunto da actuación do avogado co cliente, de xeito que o prazo de prescrición non empeza a correr ata que non rematan as actuacións procesuais no asunto encomendado. En resumo, considera que o caso analizado é un suposto de servizos continuados e que se trata dunha actuación global derivada do procedemento principal polo que estima o recurso e revoca a sentenza de instancia.

Non se fai imposición de custas.

Contra a sentenza cabe recurso de Casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo, ou ante a o TSXG, no prazo de TRINTA DÍAS.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remítala ao Departamento de Asesoría Xurídica para os efectos da súa execución.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023884H.

Dación de conta da sentenza recaída nos procedementos PA 169/2020 e PA 186/2020 CA1.

Dase conta da sentenza 167/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedementos Abreviados 169/2020 e 186/2020

Obxecto: Contra a desestimación presunta das reclamacións de responsabilidade formuladas polos danos sufridos en vehículos, como consecuencia dunha fuga de auga no garaxe nº 4 da rúa Salgueiriños de Abaixo.

Contías reclamadas: 17.253,53 € e 2.340.€

A sentenza é DESFAVORABLE aos intereses municipais. A cuestión debatida xa se resolveu nas sentenzas recaídas nos procedementos abreviados 587/2019 e 87/2020 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 relativos a danos en vehículos causados no mesmo sinistro. Nela considéranse acreditados a responsabilidade do concello e os danos producidos nos vehículos.

Impón as custas deste procedemento ao concello cunha limitación de 400 euros.

Non fai expresa imposición de custas neste procedemento. Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso algún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remítala ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023922X.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 436/2021 CA2.

Dase conta da sentenza 104/2021 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: Procedemento Abreviado 436/2021

Obxecto: Contra a desestimación presunta presentada o 20 de maio de 2021 de reclamación de responsabilidade patrimonial por filtracións de auga en baixo comercial.

Contía reclamada: 370, 26.€

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais xa que desestima o recurso ao considerar que non existe proba concluínte respecto á orixe das filtracións e que falta, en consecuencia, o nexo causal requirido entre a actividade ou inactividade do Concello e o dano producido.

Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso algún. As custas impóñense ao demandante cunha limitación de 100 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023466Z.

Dación de conta da sentenza recaída no PO 183/2021 CA1.

Dase conta da sentenza 114/2022, do 25.03.2022, do XCA nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 183/2021

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos pola demandante como consecuencia dunha caída da bicicleta estática no pavillón deportivo municipal Fontes do Sar, por importe de 79.466,32 euros.

A sentenza é FAVORABLE para os intereses municipais, pois acorda a non admisión do recurso contencioso-administrativo por falta de xurisdición, acollendo a excepción procesual de falta de xurisdición alegada polo Concello no escrito de contestación á demanda.

Considera que non nos atopamos neste caso ante un suposto de responsabilidade patrimonial da Administración, senón dun incumprimento contractual derivado da relación entre a usuaria do servizo e a entidade privada que o xestiona —XADE—, na que o Concello só ten unha participación minoritaria.

A sentenza é firme posto que ningunha das partes interpuxo recurso de apelación ante o TSX. Así o determina a dilixencia de ordenación do 29.04.2022. Polo tanto, non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Vicesecretaría aos efectos oportunos.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00023305Z.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 458/2021 CA2.

Dase conta da sentenza nº 107/2022

PA 458/2021 CA2

Obxecto: sanción de 400€ por exceso de velocidade.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza anula a multa imposta porque a notificación da denuncia fíxose á dirección do demandante que figura na súa licencia de condución, e non na facilitada pola empresa propietaria do vehículo. Xa que logo, ao estimarse o defecto na notificación, anúlase todo o procedemento sancionador.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00022460C.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 269/2019 CA1.

Dase conta da sentenza nº 169/2022

Obxecto: orde de execución – derruba por exceso de construción.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

A nai da demandante viña de obter licenza para rehabilitar un inmovible. Na execución da cuberta, prodúcese un desvío de 50 cm, non prevista no proxecto autorizado.

Incoado expediente de disciplina, dítase resolución declarando o executado ilegal e ilegalizable, ordenándose en consecuencia a derruba do construído en exceso. A interesada recorre en reposición, alegando a improcedencia da orde atendendo ao principio de proporcionalidade, xa que o incremento de volume é do 2,85%, pero o impacto da derruba afectaría ao 19% da construción. A

arquitecta municipal informa favorablemente esta “solución”; pero o informe xurídico desestímaa; e así a resolución definitiva.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento e consideración.

33. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00024017J.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 6 ao 12 de maio de 2022.

URXENCIAS

34. Levantamento da suspensión temporal da execución das obras de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns en Santiago de Compostela - A Coruña - CON/15/2021.

Acórdase:

Primeiro.- Acordar o levantamento da suspensión temporal da execución das obras de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns en Santiago de Compostela - A Coruña - CON/15/2021. O reinicio das obras efectuarase o 23/05/2022, rematando o seu prazo de execución o 17 de xuño de 2022.

Segundo.- Notificar este acordo ao contratista, á dirección facultativa e ao técnico municipal supervisor do contrato.

35. Autorización da redacción dun proxecto modificado da Execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo. Operación incluída na Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI CON/7/2020.

Acórdase: Primeiro.- Autorizar a redacción dun proxecto modificado da Execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo. Operación incluída na Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI CON/7/2020. O sobrecusto estimado deste modificado é do 0%.

Segundo.- Dar conta deste acordo á Intervención Municipal e ao supervisor municipal do contrato.

Modificacións propostas:

- *Terreos e cimentacións: Deseño de diferentes tipos de recalces adaptados a cada problema concreto. Co detectado ata o momento estímase un sobrecusto do 0,1%.*
- *Muros: Reconstrución total dos muros que se eliminan así como protección superficial adicional doutros. Co detectado ata o momento estímase un sobrecusto do 0,1%.*
- *Estrutura: Ao ter capacidade portante, proponse recuperar a tipoloxía de forxado orixinal, de madeira apoiado en muros fronte aos forxados metálicos apoiados en pilares adosados aos muros. Esta proposta, ademais de que permitir unha solución de forxado mais respetuosa dende o punto de vista patrimonial e medioambiental, supón tamén algo de aforro, en torno ao 0,2%.*
- *Cotas de forxados: A solución de forxados en madeira permite menor espesor o que soluciona o problema de alturas libres.*
- *Elementos susceptibles de protección: A lareira e escaleiras mantense desprazando os baños, non representado sobrecusto e canto ao pavimento de terrazo, foi retirado e acopiado, pendente de estudo a viabilidade da súa recuperación.*

O balance económico das modificacións non supón variación do importe global do orzamento e non se consideran modificación substancial do proxecto.

36. Autorización da redacción dun proxecto modificado do proxecto das obras de reforma do límite leste do parque da alameda (muro da rúa pombal. fase I).

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a redacción dun proxecto modificado do proxecto das obras de *reforma do límite leste do parque da alameda (muro da rúa pombal. fase I*. O sobrecusto estimado deste modificado é do 7,39 %.

Segundo.- Dar conta deste acordo á Intervención Municipal e a supervisora municipal do contrato. Modificacións propostas

1. Ao executar a escavación do muro, á altura do número 25 da rúa, apareceu á entrada a galería do que parece ser unha antiga mina de auga. A avaliación por parte dos técnicos de diferentes departamentos do concello estimou a necesidade de drenar a auga do interior da mesma, ventilala e deixala accesible para labores de control e mantemento. Iso obriga a cortar parte do muro de formigón xa executado, realizar un novo caixón de formigón armado a modo de túnel entre a boca da galería e a cara exterior do novo muro, dispoñer todo un sistema de recollida e evacuación de augas conectado á denaxe do trasdós do muro e executar unha nova porta metálica.

2. Ao mesmo tempo a execución da escavación na zona máis próxima á vía rodada da zona baixa da alameda, (que serve de conexión entre a rúa do Cruceiro do Gaio e a rúa do Pombal), xerou exfoliacións de placas de xisto que provocaron desprendementos do firme, e a subbase da devandita calzada. Esta circunstancia obrigará, por razóns de seguridade, a ampliar a zona de escavación e a demolición nesta zona e posteriormente, unha vez executado o muro, á reposición da mesma: base de saburra e recolocación de empedrado.

O sobrecusto estimado do modificado do que se solicita a autorización para a súa redacción é do 7,39 % polo que será obrigatorio para o contratista executar as obras que se deriven do proxecto modificado que se aprobe.

37. Corrección erros Acordo da XGL do 9 de maio de 2022 das F/2022/425 e F/2022/857.

Acórdase:

Único.-

ONDE DI:

“PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

...

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (169.785,96 €), segundo as facturas F/2021/425 e F/2021857 que se achegan no expediente, e correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022 respectivamente, emitidas pola empresa “ISS FACILITY SERVICES, S.A.”.

...

A Xunta de Goberno Local acorda:

...

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (169.785,96 €), segundo as facturas F/2021/425 e F/2021857 que se achegan no expediente, e correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022 respectivamente, emitidas pola empresa “ISS FACILITY SERVICES, S.A.”

...”

DEBE DICIR:

“PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

...

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (169.785,96 €), segundo as facturas F/2022/425 e F/2022/857 que se achegan no expediente, e correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022 respectivamente, emitidas pola empresa “ISS FACILITY SERVICES, S.A.”

...

A Xunta de Goberno Local acorda:

...

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (169.785,96 €), segundo as facturas F/2022/425 e F/2022/857 que se achegan no expediente, e correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022 respectivamente, emitidas pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A." .

..."

38. Aprobación proxecto construtivo "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)" revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 05/05/2022 da obra "Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)", e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 102.709,25 euros + 21.568,94 euros de IVE = **124.278,19 euros**.
- Prazo de execución: 6 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

39. Aprobación proxecto construtivo "Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)" revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 05/05/2022 da obra "Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)", e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 118.377,19 euros + 24.859,21 euros de IVE = **143.236,40 euros**.
- Prazo de execución: 6 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

40. Aprobación proxecto construtivo "Senda peonil Rúa das Estrelas" revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 05/05/2022 da obra "Senda peonil Rúa das Estrelas", que ten as seguintes características:

- Orzamento: 104.275,20 euros + 21.897,79 euros de IVE = **126.172,99 euros**.
- Prazo de execución: 6 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

41. Aprobación proxecto construtivo "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)" revisado segundo condicións autorización sectorial da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e do informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 05/05/2022 da obra "Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro)", que ten as seguintes características:

- Orzamento: 144.899,27 euros + 30.428,85 euros de IVE = **175.328,12 euros**.
- Prazo de execución: 6 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

42. REVISIÓN TARIFAS APARCADOIRO A CHOUPANA

Apróbase a revisión das tarifas do aparcadoiro público da Choupana consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 8,1% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 28 de decembro de 2018.

TARIFICACIÓN 2022		
	Sen IVE	IVE 21%
De 1 a 20 minutos	0,0281	0,0341 €/min
De 21 a 180 minutos	0,0334	0,0404 €/min
De 181 a 300 minutos	0,0281	0,0341 €/min
De 301 a 540 minutos	0,0221	0,0267 €/min

Prezos por hora 2022 (IVE incluído)											
TARIFAS	30'	1h	90'	2h	3h	4h	5h	6h	7h	8h	9h
2018	1,00	2,10	3,20	4,35	6,60	8,50	10,35	11,85	13,35	14,80	16,30
2022	1,05	2,25	3,50	4,70	7,10	9,15	11,20	12,80	14,40	16,00	17,60

ABONOS	Prezos 2022		
	Sen IVE	Con IVE	Redondeo
MENSUAL	91,57	110,80	110,80
COMERCIAL	56,11	67,89	67,80
Máximo diario (9 horas)	14,58	17,64	17,60

As tarifas fraccionadas de rotación para a súa aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022, figuran no anexo que se relaciona de seguido.

43. Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN GALEGA PARA A AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) pola contía de 3.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800009, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN GALEGA PARA A AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) pola contía de **3.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800009, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

44. Aprobación o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON TRANSTORNO DEL ESPECTRO AUTISTA (T.E.A.) DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA (ASPANAES) pola contía de 3.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800011, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON TRANSTORNO DEL ESPECTRO AUTISTA (T.E.A.) DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA (ASPANAES) pola contía de **3.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800011, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).